

**CONVOCATORIA DE AXUDAS XERAIS Á INVESTIGACIÓN DA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
VICERREITORIA DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN
2018**

1.-OBXECTO DA CONVOCATORIA

A convocatoria ten por obxecto axudar a resolver problemas de financiamento relacionados directamente coa actividade de investigación ou con iniciativas de apoio aos progresos da mesma. Con ese obxectivo, as axudas poderán financiar iniciativas nas seguintes modalidades:

1. MODALIDADE 1.- Axudas dirixidas a financiar accións promovidas polos Grupos de Investigación que non teñan axudas de Grupo activas en 2018 correspondentes ao programa de Consolidación e Estruturação de Unidades de Investigación Competitivas financiada pola Xunta de Galicia ou que se presentaran na convocatoria do programa no ano 2018.
2. MODALIDADE 2.- Axudas abertas a todos os Grupos e dirixidas a mellorar a presenza da Universidade nos rankings internacionais incentivando a publicación en aberto nas máis prestixiosas publicacións do JCR.

2.-BENEFICIARIOS

Poderán solicitar estas axudas os coordinadores dos grupos de investigación que figuren no Catálogo de Investigadores e Grupos de Investigación da Universidade de Santiago de Compostela na data de publicación desta convocatoria e coas restricións indicadas no punto anterior para a Modalidade 1. A composición do grupo que se terá en conta para a avaliación das solicitudes será a existente nesta mesma data.

Os grupos de investigación poderán presentar unha única solicitude a cada unha das modalidades desta convocatoria agás no caso da Modalidade 2 na que a presentación á categoría (c) é compatible coa presentación as categorías (a) ou (b).

3.-CONCEPTOS SUBVENCIONABLES

O importe destas axudas irá destinado a financiar, en todo ou en parte, os seguintes conceptos:

MODALIDADE 1:

- Obras de acondicionamento relacionadas co equipamento científico.
- Reparación, mantemento ou substitución de equipamento científico.

Outro tipo de gastos poderán ser considerados, por razóns excepcionais, pola Comisión de Selección. Non obstante, en ningún caso, poderá destinarse a axuda a gastos de persoal.

MODALIDADE 2:

- a) Publicacións en aberto no Q1 das revistas científicas do JCR publicadas/aceptadas entre o 1 de decembro de 2017 e o 30 de setembro de 2018.

- b) Publicacións nas revistas Nature e Science publicadas/aceptadas entre o 1 de decembro de 2017 e o 30 de setembro de 2018.
- c) Axuda adicional á produción científica do ano 2017 para aqueles grupos nos que todos os seus membros (PDI) teñan unha conta ORCID activa e actualizada no momento de solicitar a axuda.

4.- FINANCIAMENTO

O financiamento da presente convocatoria, por un importe máximo de 235.000€, efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 8050-2301-64000, do Orzamento da Universidade de Santiago de Compostela de 2018.

Estas axudas están cofinanciadas polo Banco Santander no marco do Convenio de colaboración asinado coa USC, polo Vicerreitoría de Estudantes e Internacionalización e polo Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a USC para a mellora da presenza da USC nos rankings internacionais.

5.-CONTÍA DAS AXUDAS

Ao abeiro do orzamento dispoñible e do número de solicitudes presentadas o importe das axudas será establecido pola Comisión de Selección. Esta Comisión poderá fixar unha porcentaxe de cofinanciamento particularmente nas axudas correspondentes as categorías (a) e (b) da Modalidade 2. O máximo a percibir por axuda na Modalidade 1 será de 5.000 €.

6.-PROCEDEMENTO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes, dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Innovación, presentaranse a través da sede electrónica da USC, anexando a seguinte documentación:

Modalidade 1: Anexo I, que deberá recoller unha breve e suficiente descrición, unha estimación económica detallada así como a xustificación do interese da axuda solicitada. No caso de peticións de material, reparacións, obras, instalacións, mantemento, etc. deberán presentarse alomenos dous orzamentos.

Modalidade 2: Anexo 2: Formulario específico para as categorías (a), (b) o (c)

7.-PRAZO DE PRESENTACIÓN

Esta convocatoria permanecerá aberta dende o día seguinte da súa publicación na web da Vicerreitoría de Investigación e Innovación e rematará nas seguintes datas:

- Modalidade 1: ata o 10 de setembro de 2018 ás 14 horas.
- Modalidade 2: ata o 30 de setembro de 2018 ás 14 horas

8.-INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO

A instrución do procedemento desta convocatoria correspóndelle á Vicerreitoría de Investigación e Innovación. Para este fin comprobarase que todas as solicitudes presentadas reúnen os requisitos establecidos.

9.-ADMISIÓN DE SOLICITUDES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes ditarase resolución, declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos que poderá consultarse no taboleiro electrónico da USC, con indicación, sé é o caso, da(s) causa(s) de exclusión.

Os solicitantes excluídos disporán dun prazo de CINCO días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder emendar ou acompañar os documentos que motivaron a súa exclusión.

A subsanación farase UNICAMENTE a través da sede electrónica da Universidade de Santiago de Compostela.

Os solicitantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a causa que motivou a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos. A listaxe definitiva poderá consultarse no taboleiro electrónico da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>).

Contra a exclusión definitiva poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante o Reitor, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da mesma, perante o xulgado contencioso-administrativo de Santiago de Compostela.

O feito de figurar na listaxe de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos solicitantes a posesión dos requisitos esixidos, que terán que acreditarse no seu momento.

10.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN E SELECCIÓN

As solicitudes serán obxecto de avaliación por parte da Comisión de Selección, aplicándose os seguintes criterios, segundo a modalidade,

MODALIDADE 1:

- i. Puntos acadados polos grupos de investigación no último ano avaliado de Producción Científica, ponderados en función do número de membros. A estes efectos dividiranse os puntos acadados na PC polo número de membros do grupo de investigación. Para este computo non se terán en conta os investigadores en formación (IFP), o persoal de apoio e os colaboradores externos que figuren no grupo de investigación.
- ii. Número de Investigadores en Formación e Perfeccionamento que formen parte do grupo de investigación, ponderados en relación ao número de membros do Grupo. A estes efectos entendese como membro do grupo a definición que se fai no apartado anterior.
- iii. Viabilidade e interese da solicitude presentada.

Atendendo a natureza das axudas, no proceso de avaliación teranse en conta tanto as dificultades de financiamento conxuntural dos grupos, como as singularidades nos procesos de produción científica das diferentes áreas científicas.

Os datos para a avaliación e selección das solicitudes serán os que figuren rexistrados nas bases de datos da Vicerreitoría de Investigación e Innovación e serán achegados de oficio ao expediente

MODALIDADE 2:

Serán admitidas todas as solicitudes establecéndose como prelación o índice de impacto dentro do Q1.

11.-COMISIÓN DE AVALIACIÓN

A Comisión de avaliación encargada de avaliar as solicitudes estará composta por:

- Presidente: Vicente Pérez Muñuzuri, Vicerreitor de Investigación e Innovación.
- Secretario: Rogelio Conde-Pumpido Tourón, Director da Área de Xestión de I+D
- Vogais:
 - M^a Elvira López Mosquera, Adxunta á Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo para Investigación, Transferencia e Innovación.
 - M^a Isabel Casal Reyes, Directora da Biblioteca Universitaria (BUSC)
 - Dous representantes designados pola Comisión de Investigación delegada do Consello de Goberno

Os membros da Comisión deberán absterse de intervir, notificándolle ao reitor da Universidade, cando concorran neles circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros da comisión cando concorran algunha das circunstancias antes citadas.

Logo da convocatoria do presidente a comisión constituirase coa asistencia de todos os seus integrantes. Na dita sesión, a comisión acordará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso .

A partir da súa constitución a comisión, para actuar validamente, requirirá a presenza, como mínimo, do presidente, secretario e dous dos restantes membros.

A comisión resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas así como o que se deberá facer nos casos non previstos.

A comisión elaborará a proposta de adxudicación que será elevada ao Reitor da USC para a súa adxudicación definitiva

12.-PROCEDEMENTO DE RESOLUCIÓN

A Comisión de Avaliación determinará as accións que se financiarán ao abeiro desta convocatoria e o montante económico que recibirá cada unha delas. A resolución de adxudicación será asinada polo Vicerreitor de Investigación e Innovación e poderá consultarse no taboleiro electrónico da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>).

A resolución expresa ou presunta que poña fin á vía administrativa poderá ser impugnada polos grupos de investigación mediante recurso potestativo de reposición ante o Reitor.

13.-LIBRAMENTO DA AXUDA

As axudas serán transferidas á partida orzamentaria aplicada a cada grupo beneficiario ou, de ser posible, á indicada polo mesmo.

14.-XUSTIFICACIÓN

Modalidade 1: Os gastos deberán realizarse **antes do 30 de novembro de 2018**, e a xustificación será enviada á Vicerreitoría de Investigación e Innovación antes do **15 de decembro**, utilizando o modelo que figura como Anexo III. O incumprimento desta condición suporá a obriga de devolución da cantidade percibida.

O Crédito da axuda non xustificada será recuperado pola Vicerreitoría.

Modalidade 2. Os gastos deberán realizarse antes do 15 de novembro de 2018, e a xustificación será enviada á Vicerreitoría de Investigación e Innovación nesa data acompañada dos documentos seguintes

- a) Unha copia do artigo publicado ou aceptado onde consten as afiliacións dos autores.
- b) No caso de non estar publicado o artigo no momento de solicitar a axuda, unha copia da carta de aceptación do mesmo.
- c) A factura correspondente aos custos de publicar o artigo.
- d) Un escrito do autor principal aceptando a incorporación do artigo no repositorio institucional Minerva.

15.-RECURSOS

Esta convocatoria poderá ser impugnada mediante recursos potestativo de reposición ante o Reitor, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

DISPOSICIÓN FINAL.

Non axustarse aos termos da convocatoria, o incumprimento dos requisitos nela establecidos, a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada será causa de exclusión da solicitude presentada.

A presentación de solicitudes implica o coñecemento e a aceptación destas bases.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2018

O Reitor

Por Delegación R.R. 20/06/18 DOG 29/06/18

O Vicerreitor de Investigación e Innovación

Vicente Pérez Muñuzuri